

Espectadores para o futuro

Teatro infantil Demos, príncipes, monstros e algunha reflexión

O teatro infantil, esa especie de fillo parvo tanto da literatura dramática coma dos estudos teatrais, está actualmente de sorte grazas a dúas publicacións recentes, a obra de Jacobo Paz *Teatro infantil*, publicada por Laiovento, e o conxunto de ensaios coordinado por Blanca-Ana Roig, Pedro Lucas e Isabel Soto titulado *Teatro infantil. Do texto á representación*, editado por Xerais e a Fundación Caixa Galicia.

Jacobo Paz é un dramaturgo que ultimamente alumea con luz propia, demostrando ás claras que si hai renovación xeracional no teatro galego. Proximamente poderemos velo representado no mismísimo Centro Dramático Galego –na obra colectiva *Estigma*, dirixida por Daniel Salgado–, pero en *Teatro infantil* ofrécenos unha mostra da súa produción para rapaces, as obras “Príncipe Lagarto”, “Orcavella” e “As horas abertas”.

Trátase de textos diferentes, inzados das referencias tradicionais da literatura infantil cuxa efectividade é case unha verdade empírica. Jacobo Paz introdúcenos así no mundo dos príncipes e dos demos, dos seres monstruosos de raizame clásica coma Orcavella –hai nela un chocar de ollo á Medusa–, e mais na lenda tradicional de Ana Manana, que tamén tratou no seu momento, e tamén no xénero infantil, Euloxio

Teatro infantil ·
Jacobo Paz ·
Laiovento, 2007 ·
64 páx · 4 euros



Teatro infantil. Do texto á representación ·
Blanca-Ana Roig, Pedro Lucas e Isabel Soto (coord.) · Xerais, 2007 ·
296 páx · 18 euros



R. Ruibal. O libro ten dobre valor: é unha lectura deliciosa para os rapaces e tamén debería ser unha inspiración de primeira orde para as compañías na busca dun público hoxe interesante e mañá esencial para soste o teatro galego.

Pola súa banda, o volume de ensaios *Teatro infantil. Do texto á representación* supón desde o propio título unha tentativa abranguedora que non sempre é habitual cando se trata de teatro: a dobre visión do texto e a posta en escena como modo idóneo para describir o teatro en toda a súa complexidade. O libro, como se sinala na súa introdución, é a culminación dun proxecto de investigación que vai alén dunha publicación e que amosa unha verdadeira preocupación investigadora pola posición do teatro no marco do lecer e a aprendizaxe infantil, asumindo como tales a literatura e o espectáculo.



Teatro ruso. // Arquivo

Non é casual, por isto, que o volume se abra, precisamente, co traballo de María Victoria Sotomayor sobre a relación entre texto e representación, non desde a habitual perspectiva lúdica e educativa, senón desde unha liña receptivo-literaria que outorga unha nova e suxestiva dimensión ás

formas de ler e de ver teatro nos nenos. A este artigo séguelle outro de raizame fondamente teórica, “¿A qué llamamos representación”, de Teresa Durán, quen trata de definir a recepción teatral infantil desde os aspectos psicolóxico e semiótico que afectan á palabra e á representación.

Despois destes dous artigos teóricos, séguense unha serie de traballos de carácter histórico que definen e describen, sucesivamente, o teatro infantil en castelán, (Isabel Tejerina), catalán (Marta Luna), e galego (Blanca-Ana Roig e María del Pilar López), este último un traballo de especial interese para nós por razóns obvias; ademais, quixera destacarlle a exhaustividade nun percorrido que implica a posta ao día nun tema non sempre atendido pola crítica teatral galega, como sinalabamos arriba, e un chamado

Jacobo Paz é un home de teatro que ultimamente alumea con luz propia, demostrando ás claras que si hai renovación xeracional

ao interese cuantitativo e cualitativo do teatro infantil tanto na literatura galega coma na súa posta en escena. O teatro portugués (José António Gomes, A.M. Ramos e Sara Reis) e o vasco (Xabier Etxaniz, Manu Lopez) continúan o percorrido histórico do libro, que remata cunha selección antolóxica de autores e obras, que serve como mostra e como ferramenta de traballo. //Inma López Silva